



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|---------|--------------------|---------------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Idioma Estranxeiro II: Francés | | Código | 710G05050 |
| Titulación | Grao en Relacións Internacionais | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Francés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Luís Gamallo, María Obdulía | | Correo electrónico | m.luis@udc.es |
| Profesorado | Luís Gamallo, María Obdulía | | Correo electrónico | m.luis@udc.es |
| Web | secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=108&ensenyament=O08G440V01 | | | |
| Descrición xeral | A presente materia completa os contidos de francés oral e escrito do mundo profesional das relacións internacionais vistos en Idioma Estranxeiro I: Francés co fin de acadar un nivel A2/B1. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | CE1 - Analizar información relacionada con fontes e feitos internacionais en contornas xeopolíticas, económicos e xurídicos complexos, presenciais ou virtuais. |
| A2 | CE2 - Comprender a estrutura, as competencias e o funcionamento das institucións e organizacións internacionais, así como as súas relacións con outros actores, estatais e non estatais. |
| A3 | CE3 - Coñecer os conceptos, teorías e técnicas aplicadas á análise dos actores e relacións internacionais, tanto no ámbito universal como no rexional, cunha perspectiva tanto histórica como contemporánea. |
| A6 | CE6 - Comprender os desafíos á seguridade internacional e o valor da mediación e resolución de conflitos de forma pacífica. |
| B1 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B6 | CG1 - Apreciar a diversidade e a multiculturalidad. |
| B7 | CG2 - Adquirir habilidade para traballar nun contexto internacional. |
| B9 | CG4 - Formarse na resolución de problemas. |
| B11 | CG6 - Adquirir capacidade de organizar e planificar. |
| B12 | CG7 - Adquirir capacidade de tomar decisións. |
| B14 | CG9 - Adquirir capacidade de adaptarse a novas situacións. |
| C4 | CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria. |
| C7 | CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |
| C8 | CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |



| | | | |
|--|----------|-----------------------------------|----------------|
| Manexar as tics para comunicarse, buscar, analizar aspectos socioculturais en lingua francesa | A1 | B1 B2 B12 | C7 C8 |
| Ter a capacidade de comprender e expresar mensaxes e interactuar con calque falante de lingua francesa | | B1 B2 B6 | C4 |
| Comprender a realidade sociopolítica e cultural da francofonía | A1 A2 | B6 B7 B11 B14 | C4 C7 C8 |
| Planificar o estudo e aprendizaxe da lingua francesa manexando recursos diversos en autonomía e en grupos interdisciplinares, respetando a diferenza, a diversidade e o multiculturalismo. | A1 A6 | B2 B6 B7 B9 B14 | C4 C7 |
| Comprender a importancia da lingua e a cultura da francofonía no mundo das relacións internacionais e valorala de cara ao seu futuro profesional | A2 A3 | B1 B2 B6 B7 B9 B11 | C4 C7 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Vivenda/aloxamento (procura e caracterización); facer unha reclamación; expresar o seu desacordo; ameazar, explicar un problema. | 1. Gramática: os pronomes complemento COD e COI (frases afirmativas e negativas); o condicional; adverbios; os posesivos; o comparativo e o superlativo. Vocabulario: compra e alugamento; tipos de aloxamento; condicións e contratos de alugamento; mobiliario e partes da casa. Fonética: sonidos vocálicos e diptongos |
| 2. Pedir información; anunciar unha chegada; dar detalles sobre unha estada; articular un discurso. | 2. Gramática: a interrogación indirecta; o xerundivo; os indefinidos; expresións: "venir de, être sur le point de, être en train de"; expresión del tiempo con "cuando"; alternancia imperfecto / pretérito perfecto composto. Vocabulario: medios de transporte; o hotel; programa de traballo e de visita; a negociación; as relacións internacionais. Fonética: sons vocálicos |
| 3. Vivir e traballar no estranxeiro. Dar unha opinión; expatriarse; dar información; aconsellar. | 3. Gramática: concordancia dos participios pasados; o verbo "vivir"; os indefinidos (de cantidade); as subordinadas condicionais introducidas por "si"; (1); a causa; subordinadas relativas ("qui"; "que"; "où";). Vocabulario: os documentos administrativos; a vida e o traballo no estranxeiro; a banca; as partes do corpo; as enfermidades e os problemas de saúde. Fonética: sons nasais. |



| | |
|--|---|
| <p>4. Colle vacacións, falar do tempo; alugar un vehículo; vender/comprar; falar da talla, a materia, a forma, o prezo.</p> | <p>4. Gramática: as subordinadas condicionais introducidas por "si" (2); as formas impersonais; o subxuntivo dos verbos "parler", "finir", "connaître", "être", "avoir", "aller" e "faire"; os pronomes interrogativos ("lequel, laquelle, lesquels, lesquelles").</p> <p>Vocabulario: as vacacións, destinos turísticos; o alugamento dun vehículo; as tendas, roupa e accesorios; obxectos: materia, forma, cor.</p> <p>Fonética: o son [s]</p> |
| <p>5. Presentar un posto de traballo e funcións; describir aptitudes, esixencias, formación; facer unha entrevista de traballo (explicar a propia experiencia profesional, competencias, motivacións, mobilidade/dispoñibilidade).</p> | <p>5. Gramática: o pluscuamperfecto; a nominalización; a obrigación co imperativo; as formas impersonais; os interrogativos compostos; os indicadores temporais; a concordancia do participio pasado con "avoir".</p> <p>Vocabulario: facer un CV; a contratación.</p> <p>Fonética: os sons [b] e [p]; o son [v]</p> |
| <p>6. Falar da actualidade; dar a súa opinión; matizar; presentar un organigrama; conducir unha reunión; tomar a palabra para preguntar, interromper, dar o seu punto de vista, xustificar ou pedir unha explicación.</p> | <p>6. Gramática: o estilo indirecto, o subxuntivo (2) (verbos introductorios); a voz pasiva; os pronomes tónicos; o subxuntivo (3) (verbos impersonais); o subxuntivo (4) con "bien que", "quoique", "pour que", "afin que".</p> <p>Vocabulario: a prensa e os medios de comunicación; a estrutura dunha institución, dun servizo; as reunións.</p> <p>Fonética: os sons consonánticos.</p> |

| Planificación | | | | |
|----------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas de laboratorio | A2 A1 B6 B7 B9 B11 B14 B1 C4 C7 C8 | 10 | 0 | 10 |
| Simulación | A2 A1 A3 B11 B14 B1 C7 C8 | 10 | 14 | 24 |
| Glosario | A2 A1 A3 A6 B2 B6 B7 B11 B14 B1 C4 C7 C8 | 6 | 10 | 16 |
| Proba de resposta múltiple | A2 A1 A6 B9 C8 | 10 | 10 | 20 |
| Proba oral | A2 A3 B2 B6 B7 B9 B11 B1 C7 C8 | 10 | 10 | 20 |
| Solución de problemas | A2 A1 B2 B6 B11 B12 B14 B1 C7 C8 | 8 | 20 | 28 |
| Sesión maxistral | A2 A1 A3 A6 B2 B6 B7 B9 B11 B14 B1 C4 C7 C8 | 5 | 17 | 22 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas de laboratorio | Prácticas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver. |
| Simulación | Tarefa na que os estudantes simulan situacións en francés para mellorar as súas competencias orais e escritas en lingua francesa. |
| Glosario | Preparación de diferentes tarefas que se conservarán para retroalimentación en cartafol. |



| | |
|----------------------------|--|
| Proba de resposta múltiple | Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver. Avaliación. |
| Proba oral | Avaliación das capacidades comunicativas e de comprensión do estudiantado en lingua francesa. |
| Solución de problemas | Actividades que plantexan ao estudiantado unha busca que ha de resolver para acadar un resultado. |
| Sesión maxistral | Exposición e explicación dos contidos gramaticais, léxicos e culturais. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|----------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | Prácticas de laboratorio: Os estudantes han de responder a actividades formuladas aplicando competencias orais e escritas da materia. |
| Proba de resposta múltiple | Proba de resposta múltiple: Exame de preguntas obxectivas. Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen actividades, problemas ou exercicios a resolver. |
| Proba oral | Resolución de problemas: Os estudantes han de responder de maneira directa en base aos coñecementos que adquiriron da materia. |
| Sesión maxistral | Sesión maxistral: Despois das exposicións de contidos ábrese debate para preguntas e respostas do estudiantado. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|------------------------------------|---|---------------|
| Prácticas de laboratorio | A2 A1 B6 B7 B9 B11 B14 B1 C4 C7 C8 | Actividades, exercicios diversos a resolver na aula ou na casa para entregar. Resolución de problemas: tarefas de comprensión ou expresión escrita ou oral a entregar. | 40 |
| Simulación | A2 A1 A3 B11 B14 B1 C7 C8 | Simulacións que poñan en práctica as competencias de expresión orais. | 10 |
| Proba de resposta múltiple | A2 A1 A6 B9 C8 | Probas que avalían as diferentes competencias orais e escritas postas en práctica na aula. | 50 |

Observacións avaliación



A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no Centro: nos prazos oficiais

estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de

Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).

1. Na primeira oportunidade, os alumnos haberán de asistir a clase para beneficiarse da avaliación continua (con máis de 5 clases sen xustificar perderase o dereito a avaliación continua) que consiste

na recollida de tarefas e actividades feitas na clase ou na casa a

entregar, ademais de presentacións de simulacións orais a entregar (50 %

da nota final). Para avaliación continua será necesario traer a diario o método de lingua francesa: RIEHL, SOIGNET, AMIOT,

Le français des relations internationales et européennes, Objectif Diplomatie 1, ed. Hachette, nouvelle édition, 2017.

A avaliación continua inclúe un control a mediados do cuatrimestre e outro final o último día de clase (total: 50% da nota final). Os controis poderán incluír algún tipo de proba oral de expresión como parte da nota. Haberá alcanzarse cando menos unha media de 5 no conxunto dos dous controis para facer media coa nota das tarefas de clase que haberá de ser comomínimo un 4.

Os alumnos que non aproben durante o curso poderán presentarse ao examen final en primeira convocatoria previsto pola Xunta de facultade, así como aqueles que queiran subir nota. Neste caso o examen final consistirá nunha proba con preguntas

obxectivas que pretende avaliar as 4 competencias da lingua

extranxeira. Os alumnos que non superan a avaliación continua durante o

curso, nin o exame da primeira convocatoria, haberán presentarse ao

exame final de 2da convocatoria previsto pola Xunta de facultade.

2. Avaliación da segunda oportunidade: De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade. A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

3. Na convocatoria extraordinaria de decembro

o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas

distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita e unha proba oral. Para as implicacións da realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.4. En cada oportunidade de avaliación o alumnado recibirá a cualificación NP

de non terse presentado a

ningunha das probas de avaliación (escrita e oral).

5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica,

previa comunicación e acreditación documental de dita situación á

profesora, pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as

actividades de avaliación continua

programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no

apartado 1. As actividades

presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes.

Serán de aplicación as demais metodoloxías avaliáveis (proba escrita e

oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do

alumnado. Para a avaliación da segunda oportunidade, aplicaráselle o disposto no apartado 2.6. Os traballos académicos (entendendo por tal todo o

material que o alumnado presente para ser obxecto de avaliación) deberán ser de elaboración individual (agás

indicación expresa da profesora) e persoal. A

realización fraudulenta ou irregular das probas e/ou de calquera das

actividades de avaliación continua implicará automaticamente a

cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente,

invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías

avaliáveis.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao

Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

7. Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.

Segundo as distintas normativas que regulan as ensinanzas universitarias, cómpre incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e o fomento da participación de todo o alumnado na clase, independentemente do seu xénero. Prestaremos especial atención en identificar e abordar os prexuízos e as actitudes sexistas. Traballaremos activamente para cambiar este entorno e promover valores de respecto e igualdade. Os nosos esforzos centraranse na detección de casos de discriminación de xénero e na posta en marcha das accións oportunas para corrixir estes casos.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Bibliografía Básica RIEHL, L.; SOIGNET, M.; AMIOT, M.-H., Objectif Diplomatie 1, 987-2-01-513535-9, Hachette, 2017 GRÉGOIRE, M.; THIÉVENAZ, O., Grammaire progressive du français, CLE International, Bibliografía Complementaria ABRY, D.; CHALARON, M.-L., Phonétique, 350 exercices, Hachette, 2011. Collectif, Bescherelle La conjugaison pour tous, Hatier, 2012 FAFA, C.; LOISEAU, Y. ; PETITMENGIN, V. Grammaire et conjugaison du français A1 (470 exercices et corrigés), Didier, 2020. GLAUD, L. ; LANNIER, M. et LOISEAU, Y. ; PETITMENGIN, V. Grammaire et conjugaison du français A2 (470 exercices et corrigés), Didier, 2020 MIQUEL, C., Vocabulaire progressif du français, CLE International, BLANC, J; CARTIER, J.-M.; LEDERLIN, P., Scénarios professionnels. Niveau 1, CLE International, 1994 CLOSE, E., Le français du monde du travail, PUG, 2014 DANILO, M.; PENFORNIS, J.-L., Le français de la communication professionnelle, CLE International, 1993 FERRE, A.; GERRIER, N., Points de vue : Culture, société, littérature, art, CIDEB/Black Cat Publishing, 2014 LAMOUREUX, J., Les combines du téléphone, PUG, 2009 LESOT, A., Bescherelle L'essentiel, Hatier, 2013 PENFORNIS, J.-L., Vocabulaire du français des affaires avec 200 exercices, CLE Internacional, 2004 ZOUARI, I., Petit dictionnaire du monde francophone : tout ce qu'il faut savoir sur les 45 pays et territoires francophones, L'Harmattan, 2015 Sites web TV5monde, www.tv5monde.com Le point du fle, www.lepointdufle.net Alfabeto fonético internacional para el francés, https://easypronunciation.com/es/french-letters-pronunciation-ipa-chart#french_nasal_vowels Phonétique FLE, cours de prononciation, http://flenet.unileon.es/phon/indexphon.html</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Estranxeiro I: Francés/710G05049

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Idioma Estranxeiro III: Francés/710G05051

Observacións

Recoméndase asistir a clase con regularidade e seguir a avaliación continúa, coas indicacións que se atopan no portal Moovida materia. Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir á profesora para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso da profesora, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías